



Formación profesional

Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
36013795	CEBEM	2019-2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CSADG02	XESTIÓN ADMINISTRATIVA

Módulo profesional

Código	Nome
MP0156	Inglés

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Xeral-ordinario	Presencial	A

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
Marta Araújo González

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.



1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
4	OUTSIDE THE OFFICE			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolveras e neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos, ao analizar comprensivamente os seus contidos.	CA2.1 Seleccionáronse os materiais de consulta e dicionarios.	SI	SI	LC.1 - Test
	CA2.2 Léronse comprensivamente textos sinxelos.	SI	SI	OU.1 - Proba de lectura
	CA2.3 Interpretouse o contido global da mensaxe.	SI	SI	PE.1 - Exercicios propostos
	CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito da área profesional a que se refira.	SI	SI	LC.2 - Test
	CA2.5 Identificouse a terminoloxía utilizada.	SI	SI	LC.3 - Test
	CA2.6 Realizáronse traducións de textos sinxelos utilizando material de apoio, en caso necesario.	SI	SI	PE.2 - Textos
	CA2.7 Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos: correo electrónico, fax, etc.	SI	SI	TO.1 - Supostos elixidos pola profesora
RA4 - Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade	CA4.4 Formalizouse documentación específica do campo profesional propio.	SI	SI	PE.3 - Control
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, e describe as relacións características do país da lingua estranxeira..	CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.	SI	SI	LC.4 - Observación
	CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector, en calquera tipo de Texto.	SI	SI	TO.2 - Observación



Nº	Unidade didáctica			
5	TECHNOLOGIES			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo en conversas profesionais.	CA3.1 Identifícanse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.	SI	SI	LC.1 - Test
	CA3.2 Comunicouse utilizando fórmulas, nexos e estratexias de interacción.	SI	SI	TO.1 - Supostos de simulación
	CA3.3 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións.	SI	SI	TO.2 - Simulación
	CA3.4 Descríbense feitos breves e imprevistos relacionados coa profesión.	SI	SI	PE.1 - Exercicios propostos
	CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.	SI	SI	LC.2 - Test
	CA3.6 Expresáronse sentimentos, ideas ou opinións.	SI	SI	LC.3 - Test
	CA3.7 Enumeráronse as actividades da tarefa profesional.	SI	SI	PE.2 - Exercicios propostos
	CA3.8 Descríbiuse e secuenciouse un proceso de traballo da competencia propia.	SI	SI	PE.3 - Exercicios propostos
	CA3.9 Xustificouse a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas.	SI	SI	OU.1 - Conversation
	CA3.10 Argumentouse a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo	SI	SI	OU.2 - Conversation
	CA3.11 Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del cando se considerou necesario.	SI	SI	OU.3 - Conversation
RA4 - Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade.	CA4.2 Organizouse a información coherentemente e con cohesión.	SI	SI	PE.4 - Observación
	CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.	SI	SI	LC.4 - Casos
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, e describe as relacións características do país da lingua estranxeira.	CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes da comunidade onde se fale a S 5 lingua estranxeira.	SI	SI	TO.3 - Casos
	CA5.2 Descríbense e aplicáronse as normas e os protocolos de relación social propios do país.	SI	SI	OU.4 - Simulación



Despois do decreto do Estado de alarma vímonos na obriga de modificar parcialmente tanto a programación, prevista para a última avaliación, como algúns dos criterios de cualificación que se recollían na programación inicial.

Desde esta nova situación comezouse a facer un seguimento do alumnado mediante a revisión continua de actividades, exercicios, etc. Para iso, comezáronse a empregar diversas ferramentas para comprobar a consecución dos mínimos exixibles como:

- Rexistros de asistencia e participación en conferencias
- Listas de cotexo e rúbricas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Para simplificar e valorar positivamente o traballo realizado polo alumnado, procurando en todo momento que este poida promocionar na súa formación, e tendo en conta as circunstancias especiais que trouxo consigo esta pandemia e a declaración do Estado de alarma, a cualificación final do curso terase en conta da seguinte maneira: **farase a media aritmética entre a primeira e a segunda avaliación, sempre e cando estean as dúas aprobadas. Unha vez obtida esa nota, sobre a cualificación final, farase a suma correspondente dos resultados obtidos nesta fase excepcional ata o máximo de 1 punto.**

Criterios de cualificación

1. Alumnado que ten as dúas avaliacións aprobadas

A suma dese punto na nota final referente á terceira avaliación partirá da realización do traballo "*Organising a Business Trip*" (ata 1 punto).



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Critérios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica			
1	A NEW JOB			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x		RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos en lingua estándar, e analiza o contido global da mensaxe en relación cos recursos lingüísticos correspondentes.	CA1.1 Situouse a mensaxe no seu contexto.	TO.1 - Exercicios propostos
			CA1.2 Identificouse a idea principal da mensaxe.	LC.1 - Test
			CA1.3 Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio oral.	LC.2 - Test
			CA1.4 Extraeuse información específica en mensaxes relacionadas con aspectos da vida profesional e cotiá.	TO.2 - Supostos e casos de simulación
			CA1.5 Estableceuse a secuencia dos elementos constituíntes da mensaxe.	PE.1 - Exercicios propostos
			CA1.6 Identificáronse as ideas principais dun discurso sobre un tema coñecido, transmitido por un medio de comunicación, emitido en lingua estándar e articulado con claridade.	TO.3 - Supostos presentados
			CA1.7 Recoñecéronse as instrucións orais e seguíronse as indicacións.	PE.2 - Exercicios propostos
			CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seus elementos.	LC.3 - Supostos realizados
x		RA4 - Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade.	CA4.2 Organizouse a información coherentemente e con cohesión.	PE.3 - Control
			CA4.6 Resumíronse as ideas principais de informacións dadas, utilizando os seus propios recursos lingüísticos.	OU.1 - Observación
x		RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, e describe as relacións características do país da lingua estranxeira.	CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.	OU.2 - Supostos
			CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector, en calquera tipo de texto.	LC.4 - Observación



Nº	Unidade didáctica			
2	OFFICE BASICS			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos en lingua estándar, e analiza o contido global da mensaxe en relación cos recursos lingüísticos correspondentes.	CA1.1 Situouse a mensaxe no seu contexto.	LC.1 - Test
			CA1.2 Identificouse a idea principal da mensaxe.	LC.2 - Test
			CA1.3 Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio oral.	TO.1 - Exercicios propostos
			CA1.4 Extraeuse información específica en mensaxes relacionadas con aspectos da vida profesional e cotiá.	PE.1 - Supostos e casos de simulación
			CA1.5 Estableceuse a secuencia dos elementos constituíntes da mensaxe	TO.2 - Casos Simulación
			CA1.6 Identificáronse as ideas principais dun discurso sobre un tema coñecido, transmitido por un medio de comunicación, emitido en lingua estándar e articulado con claridade.	LC.3 - Test
			CA1.7 Recoñecéronse as instrucións orais e seguíronse as indicacións.	LC.4 - Casos
			CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seus elementos.	PE.2 - Exercicios propostos
X		RA4 - Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade.	CA4.1 Redactáronse textos breves relacionados con aspectos cotiáns e profesionais.	LC.5 - Control
			CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.	TO.3 - Observación
X		RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, e describe as relacións características do país da lingua estranxeira.	CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.	OU.1 - Supostos
			CA5.2 Describíronse e aplicáronse as normas e os protocolos de relación social propios do país.	PE.3 - Observación
			CA5.3 Identificáronse as crenzas e os valores propios da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.	LC.6 - Casos
			CA5.5 Aplicáronse as normas de relación social e os protocolos propios do país da lingua estranxeira.	OU.2 - Casos



Nº	Unidade didáctica			
3	INTERACTING WITH OTHERS			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	x	RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos, ao analizar comprensivamente os seus contidos.	CA2.1 Seleccionáronse os materiais de consulta e dicionarios.	LC.1 - Test
			CA2.2 Léronse comprensivamente textos sinxelos.	OU.1 - Proba de lectura
			CA2.3 Interpretouse o contido global da mensaxe.	PE.1 - Exercicios propostos
			CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito da área profesional a que se refira.	TO.1 - Supostos presentados
			CA2.5 Identificouse a terminoloxía utilizada.	LC.2 - Test
			CA2.6 Realizáronse traducións de textos sinxelos utilizando material de apoio, en caso necesario.	PE.2 - Textos
			CA2.7 Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos: correo electrónico, fax, etc.	LC.3 - Test
	x	RA4 - Elabora textos sinxelos en lingua estándar, e relaciona as regras gramaticais coa súa finalidade.	CA4.3 Realizáronse resumos de textos relacionados co propio contorno profesional.	PE.3 - Control
			CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.	LC.4 - Observación
	x	RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, e describe as relacións características do país da lingua estranxeira.	CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.	LC.5 - Observación
			CA5.3 Identificáronse as crenzas e os valores propios da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.	TO.2 - Supostos
			CA5.5 Aplicáronse as normas de relación social e os protocolos propios do país da lingua estranxeira.	OU.2 - Observación



6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Alumnado cunha avaliación suspensa

Aqueles/as que contén cun trimestre sen superar seranlles propostos un bloque de actividades de reforzo e repaso dos mínimos esixibles de cada avaliación para a materia MP0156 INGLÉS que deberán entregar nas datas establecidas.

Ao final do 3.º trimestre, cada alumno/a será convocado para un pequeno test, con 4 partes diferenciadas, que se corresponden coas destrezas que debe potenciar o alumnado, tal e como se especifican na programación anual 2019-2020: 1. *Reading*, vocabulary & grammar, 2. *Listening*, 3. *Writing* e 4. *Speaking*.

A nota final calcularase tendo en conta, de novo, a que xa tiña o alumnado nalgunha das avaliacións superadas + a nota correspondente a esa avaliación que recuperou + ata 1 punto da 3.ª avaliación.

Tenderase cara a avaliación positiva procurando en todo momento que o alumnado poida promocionar cara á súa formación.

Alumnado coas dúas avaliacións suspensas

Seranlles propostos un bloque de actividades de reforzo e repaso dos mínimos esixibles que se establecen na programación da materia MP0156 INGLÉS e que deberán entregarse nas datas establecidas.

Ademais, deberán presentarse a unha proba, telemática ou presencial (se fose posible) que se estrutura da seguinte forma, de acordo cos principios que se recollen na programación anual da materia:

- Parte 1: comprensión lectora (*reading*) + vocabulario (temas impartidos en clase) + gramática (impartida en cada avaliación).
- Parte 2: comprensión oral (*listening*).
- Parte 3: produción escrita (*writing*).
- Parte 4: produción oral (pequena proba de *speaking*).

*(O temario de referencia será o correspondente co curso 2019-2020 ata o decreto do Estado de alarma).

A nota final será o resultado da media aritmética desas probas. Tal e como se especifica na programación anual, debe establecerse un mínimo de 3,5/10 en cada parte para que se poida calcular a media e superar a materia.

-Parte 1: 25%

-Parte 2: 25%

-Parte 3: 25%

-Parte 4: 25%



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua



8. Medidas de atención á diversidade

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Durante as primeiras semanas, dende o decreto do Estado de alarma ata a finalización formal da segunda avaliación realizase o repaso dos contidos impartidos nas últimas sesións presenciais. No comezo do terceiro trimestre propónselle ao alumnado, para ampliar a materia, a realización dun traballo que será supervisado mediante titorías por videoconferencias (*Cisco Webex Meetings*), correo electrónico, mensaxería instantánea (Grupo de *Telegram* co grupo-aula), etc.

De cara á preparación das probas de recuperación previstas para o presente curso, a profesora encárgase de facilitarlle ao alumnado un bloque de exercicios relacionados cos obxectivos programados para que poida prepararse e superar positivamente a avaliación. Do mesmo xeito, para a boa adquisición dos mesmos, farase o seguimento, a través dos medios que lle sexan posibles a cada alumno/a, a corrección e resolución de dúbidas que sexan necesarias.

Aquel alumnado que non pode asistir ás sesións virtuais por problemas de conexión, falta de recursos, etc. acode mediante chamada telefónica por parte da profesora e, esta, encárgase de que o alumnado reciba, por diversas fontes (correo electrónico, mensaxe de *Telegram*, *Whatsapp*, *Drive*) o material necesario para a súa autocorrección e concorda sesións de titorías individualizadas.